



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

## **BASES DO CONCURSO DE COMPARSAS DO CONCELLO DE ARBO 2018**

1. O Concello de Arbo convoca un concurso de comparsas para celebrar, o próximo domingo 11 de febreiro, o Entroido 2018, establecendo as seguintes categorías:
  - a. Comparsas de 15 ou máis membros
  - b. Comparsas de 5 ata 14 membros
  - c. Comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos)
  - d. Mellor mascarita
2. Os que desexen concursar, deberán anotarse no Concello a partires da publicación destas bases ou ata unha hora antes do inicio do desfile a través de persoal do Concello identificado durante os momentos previos ao inicio do desfile. O prazo para anotarse no Concello remata o xoves 8 de febreiro ás 13:00 horas.
3. O xurado estará formado por membros designados entre o público asistente. Estas persoas non poderán formar parte de ningunha comparsa. O xurado será o encargado de avaliar e puntuar as comparsas, comparsas infantís e as mascaritas. Poderá actuar como secretario/a do xurado unha persoa designada polo Concello, que terá voz pero non voto.
4. Os membros do xurado valorarán a todas as comparsas que participen no concurso.
5. A puntuación das comparsas, comparsas infantís e mascaritas realizarase de 1 ao número total de comparsas existentes. As puntuacións non se poderán repetir, é dicir, irán de 1 ao número total de comparsas ou mascaritas sen que se poida repetir ningún dos números comprendidos entre eses límites.
6. A puntuación das comparsas de 5 a 14 membros e das comparsas de 15 ou máis membros serán separadas.
7. O Xurado, na súa valoración terá en conta os seguintes criterios: a orixinalidade do motivo da comparsa; a festa ou balbordo que desenvolva a comparsa durante o desfile, a escenografía e o vestuario.
8. Para as comparsas de 15 ou mais membros, establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 450 euros. A segunda, un premio de 225 euros. A terceira un premio de 100 euros e a cuarta percibirá un premio de 50 euros.
9. No caso de que existan menos de 4 comparsas de máis de 15 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas.
10. Para as comparsas de 5 a 14 membros establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 130 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.



Concello de Arbo  
CIF: P3600100F

Praza Consistorio,1  
36430 ARBO – (Pontevedra)  
Telf.:986665000 - Fax. 986665011  
E-mail:concellodearbo@concellodearbo.es

11. No caso de que existan menos de 4 comparsas de 5 ata 14 membros, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
12. Para as comparsas infantís (15 ou máis membros menores de 12 anos) establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 140 euros. A segunda, un premio de 70 euros. A terceira un premio de 30 euros e a cuarta percibirá un premio de 30 euros.
13. No caso de que existan menos de 4 comparsas infantís, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de comparsas
14. Para a mellor mascarita establécense 4 premios. A que obteña maior puntuación recibirá un premio de 70 euros. A segunda, un premio de 35 euros. A terceira un premio de 20 euros e a cuarta percibirá un premio de 20 euros.
15. No caso de que existan menos de 4 mascaritas, quedarán desertos os premios non cubertos pola ausencia de participantes.
16. A entrega dos premios realizarase o domingo día 11 de febreiro.
17. En caso de mal tempo, o desfile poderá ser cambiado de data.
18. Os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
19. A entrega de premios quedara en todo caso supeditada a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 330.48.
20. Participar no desfile e comparsas e inscribirse para a obtención de premios supón a aceptación íntegra destas bases.

En Arbo a 12 de xaneiro de 2018

O Alcalde

Asdo.: Horacio Gil Expósito

